

# Galicia Elix Galicia

A Xunta de Galicia lanza o programa **Elix Galicia** para impulsar o turismo interno fóra da tempada estival. Porque non é preciso ir moi lonxe para pasar as mellores vacacións, e as **catro provincias galegas contan cunha oferta turística de calidade** para gozar da paisaxe, o termalismo, o patrimonio cultural ou o turismo enogastronómico.

Se tes entre **18 e 30 anos, unha familia con fillos menores de idade ou es pensionista e tes máis de 55 anos**, elixe unha das nosas rutas como destino e beneficiate de prezos e descontos especiais.

Podes realizar a túa solicitude ata o 3 de marzo, na Internet ou a través de calquera axencia de viaxes da Comunidade.

Infórmate en [www.turismo.gal](http://www.turismo.gal).

## Vacacións en zonas costeiras

	T. Baixa	T. Media	T. Alta
Prezo a pagar polo usuario	144€	180€	204€
Subvención da Xunta	90€	112€	118€
<b>PVP Total praza</b>	<b>234€</b>	<b>292€</b>	<b>322€</b>

Suplemento single 135€

## Natureza e montaña

	T. Baixa	T. Media	T. Alta
Prezo a pagar polo usuario	117€	129€	141€
Subvención da Xunta	70€	76€	82€
<b>PVP Total praza</b>	<b>187€</b>	<b>205€</b>	<b>223€</b>

Suplemento single 99€

## Datas e requisitos

As viaxes desenvolveranse, en primeira quenda, entre o **13 de abril e o 20 de xuño** e, en segunda, a **partir do 11 de setembro**, preferiblemente en fin de semana.

Gozarán de descontos especiais aquelas persoas que leven dous anos empadroadas en Galicia. Os/as solicitantes deberán valerse por si mesmos/as ou reunir as condicións específicas de discapacidade ou mobilidade reducida, así como as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007.

As persoas que non cumpran estes requisitos poderán participar aboando o 100% da praza.

Será preciso efectuar o pago no prazo estipulado na convocatoria.

## Solicita a túa praza neste programa promovido pola Xunta de Galicia

- En calquera axencia de viaxes de Galicia.
- Telematicamente a través de [sede.xunta.gal](http://sede.xunta.gal).
- Presencialmente mediante calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## Quen pode viaxar?

### Mozos/as menores de 30 anos:

- As solicitudes poderán ser individuais ou colectivas.
- Existen prazas reservadas para persoas con máis do 33% de discapacidade. Poderán ir acompañadas doutro/a mozo/a de menos de 30 anos.

### Familias con fillos/as menores:

- Familias que acrediten a súa condición.
- Os fillos/as menores de 3 anos non ocuparán praza.
- Serán beneficiarios/as os/as fillos/as entre 4 e 18 anos e aqueles que teñan unha discapacidade en grao igual o superior ao 33%.
- Reservarase un 10% do total para familias numerosas.

### Viaxeiros/as sénior:

- Xubilados/as ou con pensión de viuvez que sexan maiores de 55 anos.
- Pensionistas ou perceptores de prestacións ou subsidios de desemprego maiores de 60 anos.
- Cónxuxes ou parellas de feito dunha persoa sénior beneficiaria do programa.
- Serán beneficiarios/as os/as fillos/as que teñan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.
- Se a persoa solicitante ou algunha persoa que viaxe con ela ten mobilidade reducida ou unha pensión non contributiva debe indicalo na solicitude.

## Historia e cultura:

	T. Baixa	T. Media	T. Alta
Prezo a pagar polo usuario	117€	129€	141€
Subvención da Xunta	66€	72€	78€
<b>PVP Total praza</b>	<b>183€</b>	<b>201€</b>	<b>219€</b>

Suplemento single 99€

## Estancias en Balnearios

	T. Baixa	T. Media	T. Alta
Prezo a pagar polo usuario	198€	222€	246€
Subvención da Xunta	128€	140€	158€
<b>PVP Total praza</b>	<b>326€</b>	<b>362€</b>	<b>404€</b>

Suplemento single 175€

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

#### Común a todos os colectivos:

- Anexo II: modelo de solicitude normalizado segundo o colectivo beneficiario.
- Documentación xustificativa de padecer unha discapacidade recoñecida por órganos externos á Xunta de Galicia.
- Anexo III: para acompañantes doutras persoas beneficiarias.

#### Colectivo de maiores:

Libro de familia cando na solicitude se inclúan acompañantes.

#### Colectivo de familias:

- Libro de familia ou documento que acredite a convivencia.
- Título de familia numerosa no caso de non ser expedido pola Xunta de Galicia.

### PAZOS DAS SOLICITUDES

- Tempada 2020: do 3 de febreiro ao 3 de marzo de 2020.  
Tempada 2021: do 1 de setembro ao 30 de setembro de 2020.

### RESERVA DA VIAXE

- Realiza as reservas en axencias de viaxe identificadas coa cartelería do programa.
- O listado de beneficiarios do programa Elix Galicia así como unha lista de espera ou reserva publicarase en [www.turismo.gal](http://www.turismo.gal).
- Deberase formalizar a reserva da praza e a selección da quenda da viaxe nun prazo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte á súa publicación. Nese momento aboarase o 20% do prezo en concepto de reserva e indicarse se algún usuario ten mobilidade reducida e en que grao.
- Transcorrido o prazo de 3 días, quen non tivo praza na modalidade solicitada pode optar a outra formalizando a reserva no prazo máximo de 10 días hábiles, segundo o mesmo procedemento.
- Os beneficiarios das listas de espera poderán optar á súa praza se non se cobren polos beneficiarios iniciais.
- A totalidade do pago da praza deberá completarse 60 días antes do día fixado para o comezo da quenda de que se trate. Salvo que no momento de efectuar a reserva a data de inicio se atope dentro dese período de 60 días, caso no que haberá que aboar o 100%.

Máis información en [www.turismo.gal](http://www.turismo.gal).